


## XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL E ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A vixente relación de postos de traballo aprobouse por RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello da Xunta do 24 de xuño de 2021. A aprobación dunha modificación da relación de postos da consellería xustifícase principalmente pola creación da Unidade de Investigación de Incendios Forestais:

### UNIDADE DE INVESTIGACIÓN INCENDIOS FORESTAIS

A creación dunha Unidade de Investigación de Incendios Forestais formada por quince membros da Escala de Axentes Medioambientais e dependencia funcional e xerárquica do Director Xeral de Defensa do Monte comezará en primeiro lugar coa creación de tres novas prazas adicadas a tal fin, unha de Axente Autonómico, de nivel 25, como máximo responsable da Unidade e dúas de Axente Coordinador, de nivel 22, adxuntos á anterior.

As outras doce prazas procederan dos distintos Servicios Provinciais, e adscribiranse a unha localización xeográfica determinada aínda que a súa actuación sexa a nivel de toda a Comunidade Autónoma.



A Estructura da UIFO é a que se refrexa esquemáticamente na imaxe anterior. Dependentes do Coordinador Autonómico se configurarán tres areas competenciais e especializadas.



Os Axentes destinados ás distintas áreas adscribiranse, segundo criterios de mérito e capacidade, conforme aos seguintes criterios:

### ÁREA INVESTIGACIÓN INCENDIOS FORESTAIS (IIF)




### ÁREA DE INFORMACIÓN INCENDIOS FORESTAIS (INF)





## AREA DE ANALISE E APLICACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS (ADNT)



A creación das tres prazas UIFO e a modificación das outras doce cara un ámbito territorial autonómico e a especialización nas súas facetas policial e forestal nos incendios forestais obedece a criterios obxectivos xa que redundará nunha clara mellora da investigación, e polo tanto da prevención, dos incendios forestais. A desvinculación dos axentes do ámbito territorial tradicional do Distrito permitirá:

- Unha mellor focalización dos axentes naquelas zonas do territorio galego mais afectadas en períodos de alto risco ou en situacións de vagas de lumes períodos de alta ocorrencia de incendios
- Especialización do persoal desta Unidade tanto nas materias propias da investigación sobre o terreo como na tramitación administrativa e xudicial dos procedementos, ao quedar os Axentes desvinculados das outras tarefas habituais do resto da escala.
- A posibilidade de deseñar e impartir unha formación especializada necesaria para a tarefa propia da Unidade.
- Análise sobre as épocas de perigo.
- Establecemento, cobertura e estudo das Zonas de Especial Vixilancia.
- Investigación do maior número de lumes e seguimento do posterior uso das zonas queimadas.
- Estudo e seguimento das parroquias que rexisten unha alta actividade incendiaria.
- Incrementar o número de detencións dos presuntos incendiarios.
- Mellorar no coñecemento das causas e motivacións.
- Ao estar desvinculados da extinción, posibilidade de investigación en tempo real da ocorrencia do incendio forestal dun xeito desvinculado á propia extinción, o que redonda nunha maior efectividade das investigacións.

## MEMORIA ECONÓMICA



### Creación de prazas e formas de provisión

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.	CUSTO ANUAL
D. XERAL DE DEFENSA DO MONTE	MR.C03.00.000.15770.010	COORDINADOR AUTONÓMICO UIFO	C1	25	51.957,22
D. XERAL DE DEFENSA DO MONTE	MR.C03.00.000.15770.011	COORDINADOR I UIFO	C1	22	45.356,63
D. XERAL DE DEFENSA DO MONTE	MR.C03.00.000.15770.012	COORDINADOR II UIFO	C1	22	45.356,63

### Para a creación das prazas anteriores amortízanse as seguinte:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/CATEG.	LIÑA
D.X DE DEFENSA DO MONTE	MR.C03.00.000.15770.117	OPERADOR/A - CODIFICADOR/A DATOS SPDCIF	IV	032	3777
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.017	CONDUTOR/A MECÁNICO/A	III	63	3726
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.018	CONDUTOR/A MECÁNICO/A	III	63	3726
COMARCA FORESTAL: MARIÑA OCCIDENTAL	MR.C99.50.061.27650.004	AXENTE ZONAL	C1-C2	18	3763
COMARCA FORESTAL: A FONSAGRADA	MR.C99.50.072.27180.032	VIXILANTE FIXO/A SPDCIF	V	10B	3739